LIMIAR

Introduction

Este vol. 10 de *CUMIEIRA* (2025) reúne unha variada mostra de estudos empíricos e reflexións teóricas sobre a transmisión, o contacto e a variación do galego, así como a innovación lexicográfica para colectivos específicos. Co fin de celebrar que a publicación cumpre unha década, o editor tamén realiza unha panorámica dos dez primeiros volumes da revista.

Así, abre o volume o artigo de Xosé A. Fernández Salgado, editor da publicación, que examina o camiño percorrido, salienta a valía da revista e fai balance dos traballos publicados no tocante a temas, metodoloxías e autorías. Segue o de Sandra Comesaña Pires, que analiza, desde a perspectiva da política lingüística familiar, os atrancos reais e as estratexias das familias viguesas para manter o galego nas novas xeracións; alerta do peso dunha contorna castelanizadora e reclama a inmersión escolar en galego como medida esencial para garantir a súa continuidade. No ámbito do contacto lingüístico, Natalia Otero Oubiña aborda a variedade do castelán de Galicia na serie *Fariña*, salientando os trazos fonéticos e morfosintácticos máis galeguizados da variedade que, por outra parte, achegan verosemellanza ós personaxes e contribúen a visibilizar o fenómeno do «castrapo» no audiovisual galego. A cuestión terminolóxica é o eixo central do artigo de Ariel Quintela Sesar no que se recolle a primeira proposta sistematizada de termos vencellados á realidade LGBT+ en galego; o estudo baséase nun corpus representativo e na análise morfolóxica e semántica que buscan asentar as bases dun futuro dicionario monolingüe neste ámbito. Finalmente, Olalla Vizoso González presenta os resultados dunha investigación xeolingüística de carácter empírico que cartografa actualmente o fenómeno do *seseo* nos concellos pontevedreses de Tui e Tomiño, a partir dun corpus oral recollido a falantes de idade avanzada de diferentes parroquias. O volume péchase co comentario de Silvia Miguélez Trabazos sobre o libro *A fala de Vigo. Trazos diferenciais da variedade dialectal do Val do Fragoso,* da autoría do profesor vigués Xosé-Henrique Costas.

Neste vol. 10 de *CUMIEIRA* (2025) integraron a Comisión de revisión científica, Benigno Fernández Salgado, Alexandre Rodríguez Guerra, Xosé-Henrique Costas e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo.

XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO
xsalgado@uvigo.gal - Editor de *CUMIEIRA*
Universidade de Vigo